

INFORME PROPOSTA DA SECCIÓN DE FOMENTO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DO INFORME-MEMORIA DO II PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2008-2011

Examinado expediente de referencia e visto:

PRIMEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 28/230 do 5 de marzo de 2008, polo que se aproba o Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os anos 2008-2011.

SEGUNDO.- Informe-Memoria de avaliación e control do II Plan Estratéxico de subvencións 2008-2011, redactado polos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, conformado pola Sra. Concelleira Delegada de Economía Emprendemento, Autónomos e Educación, baseado este nos diferentes informes emitidos polos Servizos municipais que procederon ao trámite dos oportunos expedientes de concesión de subvencións nas anualidades 2008-2011.

Por todo o antedito, en cumprimento do establecido no artigo 14 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, dáse conta á Xunta de Goberno Local, para o seu coñecemento, do devandito informe-memoria o cal é do seguinte teor:

“INFORME-MEMORIA DO II PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2008-2011

O Plan estratéxico de subvencións dá resposta á previsión recollida no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións; onde se dispón que, con carácter previo ao establecemento de subvencións, os órganos das administracións públicas ou calquera entidade que pretenda outorgar subvencións, deberá concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións dedica no capítulo III de “Disposicións Comúns das Subvencións”, a Sección 1ª aos Plans Estratéxicos de Subvencións, e concretamente o artigo 14 ao seguimento dos mesmos.

Compre subliñar que a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5º ponse de manifesto que “Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións...” . Igualmente o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro,

Concello de Lugo

polo que se aproba o regulamento da devandita Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dedica o capítulo II aos Plans Estratéxicos.

A Ordenanza Xeral Reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, aprobada polo Excmo. Concello Pleno por Acordo 10/64, do 6 de xuño de 2005, contempla no seu artigo 5º a existencia do Plan estratéxico de subvencións. Igualmente a Base 24 de Execución do Presuposto, relativa a “Subvencións”, establece o axuste destas ao Plan Estratéxico de Subvencións correspondente.

O primeiro e segundo Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo recollen a estratexia do Concello para o outorgamento de subvencións durante o período que comprende os exercicios económicos 2005, 2006, 2007 e o 2008,2009, 2010 e 2011 respectivamente.

Unha vez rematado o período de vixencia do segundo Plan estratéxico de subvencións (2008-2011), e segundo se recolle no artigo 20 deste Plan, procede facer unha memoria que recolla as achegas dos servizos afectados polo dito Plan a través de cadanseu informe, onde se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións.

Procedeuse a pedir informe, polo tanto, aos seguintes servizos:

Deportes.
Cultura.
Turismo.
Educación.
Xuventude.
Muller.
Servizos Sociais.
Participación cidadá.
Promoción de emprego e industria.
Zona rural.
Urbanismo – Rehabilitación.

Tendo en conta os informes achegados dende os servizos e departamentos do Concello de Lugo dende os que se outorgan subvencións e a relación de operacións por partida das ditas partidas correspondentes aos anos 2008, 2009, 2010 e 2011; cómpre sinalar o seguinte:

DEPORTES

Relación de subvencións concedidas por Deportes durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2.008	2.009	2.010	2.011
Convocatoria subvencións Clubs	140.000 €	140.000 €	131.200 €	131.200 €
Convocatoria subv. deportistas alto nivel	25.000 €	25.000 €	25.000 €	25.000 €
Convenios, ou no seu caso resoluciones:	651.000 €	725.000 €	708.800 €	992.800 €
- Club Fluvial	15.000 €	20.000 €	20.000 €	24.000 €
- C.B. Breogán, S.A.D.	120.000 €	123.000 €	120.000 €	230.000 €
- C.B. Ensino	35.000 €	48.000 €	54.000 €	54.000 €
- Club Tríatlon Cidade de Lugo Fluvial	18.000 €	18.000 €	18.000 €	40.000 €
- C.D. Lugo	91.000 €	90.000 €	90.000 €	165.000 €
- A.C.D. FEFEME Tríatlon do Miño	30.000 €	30.000 €	30.000 €	22.000 €
- Club Boxing Cidade de Lugo	12.000 €	15.000 €	10.000 €	10.000 €
- Prone Lugo, A.D.	175.000 €	175.000 €	175.000 €	230.000 €
- Escudería Miño	18.000 €	19.000 €	19.000 €	25.000 €
- Club ciclista cidade de Lugo	21.000 €	38.000 €	36.000 €	36.000 €
- Real Aéreo Club de Lugo	9.000 €	6.000 €	9.000 €	10.000 €
- Club voleibol EMEVE	21.000 €	21.000 €	21.000 €	24.000 €
- F. G. Judo		8.000 €	6.500 €	9.000 €
- F.G. Balonmán		3.000 €	6.000 €	6.000 €
- F.G. Fútbol Sala		2.500 €	2.000 €	2.000 €
- Asoc. Xuvenil Sagrado Corazón			1.000 €	1.000 €
- Club Ciclista Milagrosa		3.000 €	3.000 €	3.000 €
- Fundación Azkar		10.000 €	10.000 €	9.000 €
- C.B. Estudiantes			12.000 €	14.000 €
- Club Shihan de Kárate		3.000 €	2.000 €	2.000 €
- A Venatoria de Lugo		1.200 €	1.200 €	1.200 €
- S.D.C. Polvorín		13.000 €	13.000 €	13.000 €
- S.C.D. Residencia		2.000 €	2.000 €	2.500 €
- S.C.D. Milagrosa		1.500 €	2.000 €	2.000 €
- A.D.C. Sagrado Corazón				1.500 €
- Asoc. Lucense Automóviles Antiguos y Clásicos		3.000 €	3.000 €	3.000 €
- Club Ciclista Correcaminos		4.000 €	2.500 €	2.500 €
- Club Bowling Milesios		2.000 €	4.000 €	4.000 €
- Club de Golf		3.000 €	3.000 €	3.000 €
- Club Media Maratón		3.000 €	3.000 €	3.000 €
- Club Lugo Fórmula		12.000 €	12.000 €	12.000 €
- Asoc. Veteranos C.D. Lugo		1.000 €	1.000 €	1.000 €

Concello de Lugo

- Club Padel Hotel Santiago		2.000 €	2.000 €	3.000 €
- Club Billar Tiempos Modernos		1.000 €	1.000 €	1.400 €
- Club Padel Nuestro			1.000 €	1.000 €
- Club Tenis de Mesa Dez Portas		2.000 €	2.000 €	2.000 €
- Club Arco Muralla		2.000 €	4.000 €	3.000 €
- Círculo de las Artes		1.000 €	1.000 €	1.000 €
- Muralla Rugby Club		1.000 €	1.000 €	1.000 €
- Club Patíns Lóstregos Lucus		2.000 €		2.000 €
- Club Kickboxing Argos Astur				1.500 €
- Squash Muralla de Lugo				600 €
- Club Lugo Esgrima		1.500 €		600 €
- Club Star Dance				6.500 €
- Escola Luguesa de Xadrez				1.500 €
- F.G. de Loita e D.A.		2.500 €		
- F.G. de Triatlón				
- F.G. de Piragüismo		4.000 €		
- F.G. de Atletismo			3.000 €	
- Fundación Feiras e Exposicións	50.000 €	8.000 €		
- Kastri Racing	18.000 €	6.000 €		
- R.F.E. Atletismo	18.000 €			
- F.G. Baloncesto		3.000 €		
- A.D.C.X. Porta Miñá		1.000 €		
- Club Ciclista La Cuesta		2.000 €		
- Club de Campo y Tiro		2.000 €		
- Club Atlético Muralla		2.000 €		
- F.G. Tiro Olímpico		1.200 €		
- Radikal Norte 4 X 4		2.000 €		
- Club de Pesca San Antonio		600 €	600 €	
- Club Hockey Liña Lugo			1.000 €	
- Club de Tiro Real Aero Club			1.000 €	
- San Fernando Lucus Caixa Rural				3.000 €
- Outros convenios ou no seu caso resolucóns, de haber consignación orzamentaria				
TOTAL XUSTIFICADO	651.000 €	709.400 €	706.200 €	992.800 €

RESUMEN PLAN ESTRATÉXICO 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008-2011.....3.720.000,00 €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011(99%)3.690.082,04 €

Dotación por anualidades	2008	2009	2010	2011
--------------------------	------	------	------	------

Dotación anual	816.000	890.000	865.000	1.149.000
Subvencións nominativas	651.000	725.000	708.800	992.800
Subvencións concurrencia competitiva	140.000	140.000	131.200	131.200
Subvencións deportistas alto nivel	25.000	25.000	25.000	25.000

SUBVENCIÓN NOMINATIVAS 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008-2011.....3.077.600,00 €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011(99%).....3.059.600,00 €

Dotación por anualidades	2008	2009	2010	2011
Dotación anual	651.000	725.000	708.800	992.800
Execución anual	651.000	709.400	706.200	992.800
Entidades subvencionadas	16	49	42	46

SUBVENCIÓN CONCURRENCIA COMPETITIVA 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008 – 2011.....542.400,00 €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011 (98%)531.900,87 €

Dotación por anualidades	2008	2009	2010	2011
Dotación anual	140.000	140.000	131.200,00	131.200
Execución anual	134.900	136.402	129.673,87	130.925
Entidades subvencionadas	77	74	76	76

SUBVENCIÓN DEPORTISTAS ALTO NIVEL 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008 – 2011.....100.000,00 €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011 (98%)98.406,17 €

Dotación por anualidades	2008	2009	2010	2011
Dotación anual	25.000	25.000	25.000	25.000,00
Execución anual	25.000	24.515	24.015	24.876,17
Deportistas subvencionados	9	22	35	61

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Deportes, engade os seguintes comentarios:

“ Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

O grao de cumprimento deste Plan no capítulo de Deportes é óptimo, xa que as subvencións outorgáronse e xustificáronse nun 99% respecto aos totais previstos

recollidos no Plan, o que supón que case todos os beneficiarios cumpriron cos obxectivos propostos.

A colaboración entre os poderes públicos e asociacións, entidades ou clubs deportivos materialízase a través de múltiples canles entre as que se atopan a concesión de subvencións e a sinatura de convenios de cooperación, tal e como no noso Plan estratéxico de subvencións se ten establecido. Polo tanto, con respecto á eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos temos que sinalar que se seguiu a liña marcada polos obxectivos no Plan estratéxico de subvencións conseguíndose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados, tanto no fomento da práctica do deporte no municipio con atención prioritaria ao deporte base e á actividade física como saúde, como á colaboración co deporte de elite.

Polo tanto, podemos concluír sinalando o importante incremento das subvencións concedidas polo concello para este fin ao longo dos catro anos de vixencia deste Plan que reflicte:

-Un gran esforzo inversor.

-Unha clara aposta pola promoción da realización de actividades deportivas e polo fomento do deporte de base.

-A colaboración co deporte de elite tamén se mantivo nos parámetros marcados conseguindo o efecto promocionador e motivador do deporte base previsto.

-Outro efecto detectable é o incremento de competicións deportivas organizadas en Lugo tanto a nivel local como autonómico e incluso internacional.

-Os logros conseguidos tradúcense no incremento do número de persoas que practican deporte, incorporando á cidadanía a practica de novas especialidades deportivas aproveitando o gran esforzo inversor realizado na nova construción e adaptación de novos equipamentos deportivos que fan posible realizar a actividade deportiva nunhas condicións óptimas, así mesmo incrementouse o número de competicións, actividades e eventos deportivos no municipio.

Finalmente como suxestión para o próximo Plan estratéxico de subvencións sería convinte seguir a incrementar a partida destinada ao fomento da práctica deportiva de base tanto competitiva como para actividades de deporte saúde e de ocio, así como a posible axuda a deportistas lucenses de alto nivel individual. Noutra orde de cousas sinalar estudar a axilización do trámite administrativo de concesión para evitar unha excesiva burocratización para a que non están preparados os clubs de base por contar só con persoal voluntario.

*Tamén sería necesario incentivar a millora da formación dós técnicos deportivos principalmente dós que de forma altruista estan dedicando moitas horas ó adestramento de diversas disciplinas deportivas nunha etapa tan importante como é a da iniciación deportiva.”

CULTURA

Relación de subvencións concedidas por Cultura durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
FESTAS PARROQUIAS	34.699,08	35.400,00	33.000,00	31.800,00
LUME NOVO	8.460,00	8.496,00	8.126,28	8.074,00
ASOC. CULTURAI	25.200,00	29.400,00	18.491,32	24.500,00
COLECTIVO WALDEMAR	9.000,00			
CIRCULO ARTES	7.050,00	7.050,00	12.050,00	7.050,00
CIRCULO ARTES (CAMPEONATO XADREZ 2010)			4.000,00	
FEDERAC. LIBREIROS	9.000,00	7.000,00	7.000,00	7.000,00
“ESCOBIJAZZ”	12.000,00	12.000,00	15.000,00	15.000,00
FONMIÑÁ	18.030,00	18.030,00	18.030,00	18.030,00
CAIXANOVA (Activ, culturais)	70.378,00			
LUGO CULTURAL	30.000,00	30.000,00	30.000,00	30.000,00
USC-cursos de verán	12.000,00	9.000,00		12.000,00
USC (Conv. Serv. Culturais)				
FEDERAC. COMERCIO – Alumeado nadal		35.000,00	35.000,00	35.000,00
SOCIEDAD LUGOPRESS (proxecto Hitler, Garbo e Araceli)			6.000,00	
TOTAIS	235.817,08	191.376,00	186.697,60	188.454,00

Recollido no Plan estratéxico de subvencións temos:

2008: 284.130,00 €

2009: 284.130,00 €

2010: 282.080,00 €

2011: 327.080,00 €

En principio vemos que:

-No ano 2008 cumpriuse nun 82,99 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Cultura.

Concello de Lugo

- No ano 2009 cumpriuse nun 67,35 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Cultura.
- No ano 2010 cumpriuse nun 66,19 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Cultura.
- No ano 2011 cumpriuse nun 57.71% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Cultura.

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Cultura, engade os seguintes comentarios:

“Polo exposto exposto durante o período de vixencia do segundo Plan Estratéxico de subvencións conseguíuse o seu cumprimento nun 68.56%
As subvencións concedidas por este servizo entre o exercicio 2008-2011 supuxeron un descenso porcentual do 20,1%, durante o periodo de vixencia do referido Plan Estratéxico de subvencións.

Dentro da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva dende a área de Cultura podemos sinalar o número de asociacións, entidades e clubs beneficiarios:

Festas parroquiais:

- no 2008: 58 beneficiarios
- no 2009: 59 beneficiarios
- no 2010: 55 beneficiarios
- no 2011: 53 beneficiarios

Lume Novo:

- no 2008: 47 beneficiarios
- no 2009: 48 beneficiarios
- no 2010: 49 beneficiarios
- no 2011: 45 beneficiarios

Convocatoria asociacións:

- no 2008: 25 beneficiarios
- no 2009: 25 beneficiarios
- no 2010: 22 beneficiarios
- no 2011: 24 beneficiarios.”

TURISMO

Subvencións concedidas dende a Delegación Municipal de Turismo durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
--	-------------	-------------	-------------	-------------



PRONE LUGO	60.000,00	60.000,00	60.000,00	0,00
CLUB TRIATLON	26.000,00	26.000,00	26.000,00	0,00
C. BALONCESTO	120.000,00	120.000,00	120.000,00	0,00
C.D. LUGO	78.000,00	78.000,00	78.000,00	0,00
TOTAIS	284.000,00	284.000,00	284.000,00	0.00

Recollido no Plan estratéxico de subvencións temos:

2008: 284.000 €

2009: 284.000 €

2010: 284.000 €

2011: 0 €

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Cultura, engade os seguintes comentarios:

“ Nas tres primeiras anualidades cumpriuse nun 100 por 100 o Plan Estratéxico de subvencións no Capítulo de Turismo.

No último exercicio estas axudas foron tramitadas desde outro departamento municipal (deportes)

EDUCACIÓN

No período de vixencia do Plan Estratéxico de subvencións (2008-2011), a Concellería de Educación do Excmo. Concello de Lugo concedeu un total de 4 subvencións, das 8 solicitudes presentadas polas diferentes asociacións do noso Concello, outorgando un total de 6.300 €, en concepto de subvención ás ANPAS e subvención nominativa para Federación de AMPAS de Lugo.

Neste anos, pasouse de seguir un procedemento de concorrencia competitiva a unha subvención nominativa desde o ano 2009. Os criterios de valoración para a concesión de subvencións de concorrencia competitiva no ano 2008 foron os seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Interese xeral da actividade ou programa (2)

Maior número de beneficiarios ou especialización na atención a colectivos ós que vai dirixida a actividade (2)

Carácter permanente e contínuo da actividade ou programa (1)

Traxectoria de coordinación e colaboración co Concello (1)

Actividade orixinal e innovadora (1)

Colectivos desfavorecidos – 3ª idade, muller maltratada, minusválidos, etnia xitana (2)

Promoción igualdade homes e mulleres (1)

Dirixida a zonas con menor incidencia de acción, fundamentalmente zona rural (2)

- ANO 2008. O orzamento destinado ás subvencións, de concurrencia competitiva, foi de 900 €, á seguinte asociación:

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP ILLA VERDE, con enderezo en rúa Roi Xordo, núm. 2, 900 € , para gastos de mantemento do servizo de comedor.

- ANO 2009. O orzamento destinado ás subvencións foi de 1.800 €, á seguinte asociación:

FAPACEL (Federación Provincial de Ampas de Centros Publicos de Ensino en Lugo), para gastos de actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa protección da infancia e xuventude, participación de pais, nais e tutores do alumnado a través das APAS nos órganos de Goberno dos Centros Escolares Públicos e nos órganos de participación na Administración Educativa que a lexislación vixente determine e fomentar a creación e o desenvolvemento das ANPAS.

- ANO 2010. O orzamento destinado á subvención foi de 1.800 €, á seguinte asociación:

FAPACEL (Federación Provincial de Ampas de Centros Publicos de Ensino en Lugo), para gastos de actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa protección da infancia e xuventude, participación de pais, nais e tutores do alumnado a través das APAS nos órganos de Goberno dos Centros Escolares Públicos e nos órganos de participación na Administración Educativa que a lexislación vixente determine e fomentar a creación e o desenvolvemento das ANPAS.

- ANO 2011. O orzamento destinado á subvención foi de 1.800 €, á seguinte asociación:

FAPACEL (Federación Provincial de Ampas de Centros Publicos de Ensino en Lugo), para gastos de actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa protección da infancia e xuventude, participación de pais, nais e tutores do alumnado a través das APAS nos órganos de Goberno dos Centros Escolares Públicos e nos órganos de participación na Administración Educativa que

a lexislación vixente determine e fomentar a creación e o desenvolvemento das ANPAS.

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Educación, engade os seguintes comentarios:

CONCLUSIÓNS

“Desde a Concellería de Educación consideramos que se cumpríu o obxectivo xeral recollido no Plan Estratéxico, posto que se apoiaron iniciativas, actuacións e programas que complementan ou suplen a intervención dos servizos educativos municipais, como é o apoio a ANPAS que prestan servizos de comedor e á Federación de ANPAS da Provincia de Lugo, para o desenvolvemento de actividades de información e formación para a creación doutras ANPAS ou mellor funcionamento das xa existentes.

Así mesmo, durante estes anos do presente Plan Estratéxico –como ocorre dende hai máis de 15 anos- a axuda para adquisición de libros de texto para escolares dos cursos que non cubría á Consellería de Educación (Xunta de Galicia), como medida de apoio a aquelas persoas con dificultades económicas para a adquisición de libros de texto co fin de que os seus fillos/as poidesen cursar estudos en condicións de igualdade e cos medios necesarios.

Desde o ano 2006, estas axudas destínanse a Educación Infantil, dado que a Consellería de Educación comezou a cubrir nese ano (curso escolar 06/07) a Educación Primaria e Secundaria, de maneira que a Concellería de Educación ofertou estas axudas para aquela franxa de idade que quedaba descuberta, pensando naquelas familias con escasos recursos e fillos pequenos ó seu cargo, facilitando a súa escolarización pese ás dificultades económicas.

En definitiva, toda esta labor favorece e axuda á comunidade escolar, e en concreto ás familias, que poden superar barreiras que influirían na escolarización e/ou estudos dos seus fillos e fillas, como son as barreiras económicas, sociais, etc., buscando con todo isto favorecer a escolarización e integración de tódolos rapaces e rapazas, facilitando á vez a súa situación familiar.”

XUVENTUDE

Dende a Concellería de Benestar Social Igualdade e Xuventude, informamos que nas convocatorias de subvencións incluídas no plan estratéxico nos anos 2008, 2009, 2010 e 2011, estaban recollidos os seguintes datos:

	2008	2009	2010	2011

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS	10.000€	10.000€	10.000€	6.750€
------------------------------------	---------	---------	---------	--------

Nos anos mencionados os totais das sumas das subvencións concedidas foron os seguintes:

	2008	2009	2010	2011
SUBVENCIONS CONCEDIDAS	10.000€	9.999,94€	9.999,89€	6.749,48€
SUBVENCIONS ABOADAS	10.000€	8.078,95€	9.999,89€	6.066,60€

En principio vemos que:

- No ano 2008 cumpriuse nun 100% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Xuventude, repartíndose entre as seguintes asociacións:

ASOC/ENTIDADE	CONTÍA
A. X. de Galegos	1.617,00 €
A. Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE	1.198,00 €
A.X. Ateibo	2.035,00 €
A.X. Agra de Abaixo	1.497,00 €
A.X. Sagrado Corazón	1.617,00 €
A.X. Juven San José	1.138,00 €
A.X. Varela España da Milagrosa	898,00 €

- No ano 2009 cumpriuse nun 80,79% do Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Xuventude. Este ano adxudicáronse subvencións por un valor total de 9.999,94€, a falta de xustificación da Asociación Xuvenil de Galegos foi o motivo da diminución do importe abonado este ano, 8.078,95€.

ASOC/ENTIDADE	CONTÍA
A. X. de Galegos	1.208,52 €
A. Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE	900,47 €
A.X. Ateibo	1.777,24 €
APREVAR	1.445,49 €
A.X. Sagrado Corazón	1.445,49 €
A.X. Juven San José	829,38 €
A.X. Varela España da Milagrosa	900,47 €
Fundación Secretariado Gitano	1.492,88 €

- No ano 2010 cumpriuse nun 99,99% do Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Xuventude, concedéndose un total de 9.999,89 € entre as seguintes asociacións:

ASOC/ENTIDADE	CONTÍA
Asoc. Romanos y Castrexos de Lucus-Llug	2.102,80€

Asoc. Cultural Caetra Lucensium	2.118,28€
A.X. Ateibo	2.093,50€
Asoc. Agra de Abaixo	201,30€
AMPA Paradai	257,04€
A.X. Sagrado Corazón	2.143,05€
A.X. Juven San José	1.083,92€

- No ano 2011 cumpriuse nun 89,87% do Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Xuventude. Nesta convocatoria renunciaron a subvención concedida a Asociación Arde o Eixo e a Asociación Xuvenil Varela España. Tendo en conta tamén que a contía concedida asociación Corazóns Artesáns polo que o importe abonado foi inferior o inicialmente concedido 6.066,60€.

ASOC/ENTIDADE	CONTÍA
Asoc. Romanos y Castrexos de Lucus-Llug	797,90€
Asoc. Cultural Caetra Lucensium	546,41€
A.X. Ateibo	1.125,74€
Cohors III	898,20€
Corazóns Artesans	164,67€
A.X. Sagrado Corazón	1.007,48€
A. X. Juven San José	169,16€
A.X.Varela España	131,74€
Arde o Eixo	523,95€
Trebas Galaicas	711,08€
Lugdunum	673,70€

Neste ano tamén, concedeuse unha subvención nominativa á Fundación Tic, que finalmente non foi aboada pola falta de xustificación por parte desta entidade.

Polo tanto, durante o período de vixencia do segundo Plan estratéxico de subvencións conseguiuase o seu **cumprimento** nun 92,66%, no capítulo de Xuventude, se atendemos ao total subvencionado respecto as previsións recollidas no dito Plan.

As subvencións concedidas por este servizo entre o exercicio 2008 e o 2011 non tiveron incremento durante o período de vixencia do dito Plan estratéxico de subvencións, aínda que se manteron nos tres primeiros exercicios producíndose un moderada rebaixa no último exercicio 2011 motivada pola redución de orzamento e a necesidade de compaxinar o Plan estratéxico de subvencións coa posta en marcha dun programa de participación cidadá coa mocidade da cidade "Radares Xuvenís".

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Xuventude, engade os seguintes comentarios:

“Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

- O grao de cumprimento deste Plan no capítulo de Xuventude é moi bo, xa que as subvencións outorgáronse e xustificáronse nun 92,66% respecto aos totais previstos recollidos no Plan, o que supón que practicamente todos os beneficiarios cumpriron cos obxectivos propostos.
- A colaboración entre os poderes públicos e as asociacións materialízase a través de múltiples canles entre as que se atopan a concesión de subvencións tal e como no noso Plan estratéxico de subvencións se ten establecido. Polo tanto, con respecto á **eficacia e eficiencia** do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos temos que sinalar que se seguiu a liña marcada polos obxectivos no Plan estratéxico de subvencións conseguíndose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados, tendo en conta que dende Xuventude se apoian as iniciativas, actuacións e programas que presentan as distintas asociacións xuvenís rexistradas no Concello de Lugo, considerando que dita intervención complementa ao servizo ofrecido por este departamento. Tamén é importante resaltar que estas entidades ofrecen programas que teñen como obxectivo responder ás necesidades relacionadas coa xuventude como son os temas de educación, cultura, emprego, saúde, ocio... ampliando a liña de traballo que se desenvolve dende este servizo.
- Polo tanto, podemos **concluir** sinalando o importante labor desenvolto que favorece a axuda á xuventude a través das subvencións concedidas polo concello para este fin ao longo dos tres anos de vixencia deste Plan que reflicte:
 - O empeño por facilitar un permanente asesoramento en todos os aspectos vinculados aos interese da poboación de 13 a 30 anos.
 - Un importante traballo desenvolto no asociacionismo xuvenil.
- Finalmente como **suxestións para o próximo Plan estratéxico de subvencións** cabe manter a aposta por continuar profundizando na liña iniciada. O servizo achega as seguintes suxestións con respecto a convocatoria das subvencións: sería importante que os anexos relacionados coa descrición do proxecto ou programa a desenvolver polas asociacións, así como a memoria xustificativa deberían ser máis específico, pedindo moita máis información, para facilitar unha avaliación máis exhaustiva por parte da comisión de valoración.”

MULLER

Relación de subvencións concedidas por Muller durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
Convocatoria subvencións	3.000,00	3.000,00	2.000,00	3.000,00



Convenios, ou no seu caso resolucns	23.500,00	23.500,00	24.500,00	24.500,00
- Club Baloncesto Cidade de Lugo	2.000,00	2.000,00	2.000,00	2.000,00
- Club Emeve	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00
- Club Deportivo Casás	3.500,00	3.500,00	3.500,00	3.500,00
- Club F.S.F. Lucense	3.500,00	3.500,00	1.500,00	1.500,00
- Club Porta XI Baloncesto	3.500,00	3.500,00	3.500,00	3.500,00
- Club Femenino hockey Meigas	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00
- Asociación Viudas Julia Minguilln	2.000,00	2.000,00	2.000,00	2.000,00
- Terciarias Franciscanas Rebao de Mara	2.000,00	2.000,00	2.000,00	1.000,00
- Club Atltico Muralla de Lugo	1.000,00(**)	1.000,00(**)		
- Asociación Lucense pro lactancia materna "Bico de Leite"	545,00	499,95		
- Asociación Mulleres "A Casia"	436,00	363,60	608,65	1.000,00
- Asociación Mulleres con gulla d'ouro "Don Botn"	218,00		260,85	
- Asociación Autnomas Concepcin Arenal	436,00	181,80(*)		
- Coordinadora Feminista "Donas de ns"	545,00	318,15(*)		
- Club Natacin Porta Mia Lugo	654,00	545,40	2.000,00	2.000,00
- Asociación Mulleres Empresarias de Lugo		454,50	782,55	
- Asociación Mulleres Rurais e consumidoras "O Grelo"		272,70		
- Asociación Artstica e Recreativa da muller		363,60		
- Asociación Prestancia			347,80	
- Sociedad Cultural Deportiva Milagrosa			2.000,00	2.000,00
- Asociación Provincial Amas de Casa e Consumidoras "Lucus"				700,00
- Federacin Galega de Vivas				1.364,00(**)
- Asociación Provincial de Reparacin e venta de automviles e recambios de Lugo	164,00 (*)			

- Outros convenios ou no seu caso resolucíons, de haber consignación orzamentaria				
TOTAL XUSTIFICADO	25.334,00	24.999,75	26.499,85	25.200'00

(*) Renuncia

(**) Non xustifica

RESUMEN PLAN ESTRATÉXICO 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008-2011.....107.000'0- €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011(96'63%) 103.397'6-€

DOTACIÓN POR ANUALIDADES	2008	2009	2010	2011
DOTACION ANUAL	26.500	26.500	26.500	27.500
SUBVENCIONES NOMINATIVAS	23.500	23.500	24.500	24.500
SUBVENCIONES CONCURRENCIA COMPETITIVA	3.000	3.000	2.000	3.000

SUBVENCIONES NOMINATIVAS 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008-2011.....96.000'- €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011(97'91%).....94.000'- €

DOTACIÓN POR ANUALIDADES	2008	2009	2010	2011
DOTACION ANUAL	23.500	23.500	24.500	24.500
EXECUCION ANUAL	22.500	22.500	24.500	24.500
ENTIDADES SUBVENCIONADAS	9	9	10	11

SUBVENCIONES CONCURRENCIA COMPETITIVA 2008 – 2011

DOTACION CUATRIENAL 2008 – 2011.....11.000'0 €
 EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011 (73'03%) 8.033'6 €

DOTACIÓN POR ANUALIDADES	2008	2009	2010	2011
DOTACION ANUAL	3.000	3.000	2.000	3.000
EXECUCION ANUAL	2.998	2.999'70	1.999'85	2.064
ENTIDADES SUBVENCIONADAS	7	8	4	2



O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Muller, engade os seguintes comentarios:

“Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

- O grao de cumprimento deste Plan no capítulo de Muller é óptimo, xa que as subvencións outorgáronse e xustificáronse nun 96'63 respecto aos totais previstos recollidos no Plan, o que supón que case todos os beneficiarios cumpriron cos obxectivos propostos.

Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

- O grao de cumprimento deste Plan no capítulo de Muller tendo en conta as dúas liñas de subvención que permanecen durante os anos de vixencia do plan é bo, xa que as subvencións outorgáronse e xustificáronse nun 96'63% respecto aos totais previstos recollidos no Plan, o que supón que practicamente todos os beneficiarios cumpriron cos obxectivos propostos. Se temos en conta o total do servizo nos atopamos cunha xustificación media do 85'47%.
- A colaboración con asociacións ou entidades que traballan no campo la igualdade materialízase a través de múltiples canles entre as que se atopan a concesión de subvencións e a sinatura de convenios de cooperación, tal e como no noso Plan estratéxico de subvencións se ten establecido. Polo tanto, con respecto á **eficacia e eficiencia** do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos temos que sinalar que se seguiu a liña marcada polos obxectivos no Plan estratéxico de subvencións conseguíndose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados. Podemos sinalar o obxectivo relativo a “apoiar iniciativas, actuacións e programas de prevención, intervención e integración que complementen as actuacións e programas desenvoltos pola Casa da Muller e que incidan naquelas medidas que promovan a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e contra a discriminación”.
- Entre os efectos que se pretenden acadar está fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que leven a cabo accións nalgunha das seguintes áreas: educación e cultura, saúde, emprego, medio ambiente, acción social e organización e desenvolvemento asociativo.
- Polo tanto, podemos extraer as seguintes conclusións:
 - Dende a casa da Muller detéctase un feble tecido asociativo feminino.As subvencións ás asociacións de mulleres tenden a paliar este déficit, contribuíndo a fomentar a participación das mulleres, especialmente na zona rural do municipio. Sería necesario intensificar este traballo nos vindeiros anos.
 - En canto ás subvencións destinadas a entidades deportivas que promocionan o deporte feminino en Lugo, naquelas prácticas deportivas nas

que as mulleres están subrepresentadas, destacar que aumentou o número de clubs de distintas disciplinas deportivas (fútbol, tenis, balonmán, baloncesto, hóckey a patíns, natación e voleibol) que accederon ás axudas, e se considera interesante seguir fomentando esta liña de subvencións.

- Como suxestión para o próximo Plan estratéxico de subvencións cabe, finalmente, valorar a necesidade de dar continuidade ás asociacións de mulleres e clubs deportivos que promocionan o deporte feminino en Lugo. Así mesmo, sería interesante establecer convenio con universidades, asociacións, entidades... para a realización de investigacións sobre distintas temáticas relacionadas co xénero. “

SERVIZOS SOCIAIS

Relación de subvencións concedidas polos servizos sociais municipais durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

-SUBVENCIONES ÁS ASOCIACIONES E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DOS SERVICIOS SOCIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL PARA O MANTENIMENTO DE EQUIPAMENTOS.

2008	2009	2010	2011
Consignado: 25.000 €	Consignado: 30.000 €	Consignado: 28.000 €	Consignado: 24.400 €
Adxudicado: 22.999,20 €	Adxudicado: 24.888 €	Adxudicado: 27.950,00 €	Adxudicado: 24.250,08 €
Beneficiarios: 22	Beneficiarios: 22	Beneficiarios: 25	Beneficiarios: 26
Porcentaxe execu- ción: 91,99 %	Porcentaxe execu- ción: 82,96 %	Porcentaxe execu- ción: 99,82 %	Porcentaxe execu- ción: 99,39%

Media do grao de execución: 93,54 %

-SUBVENCIONES NOMINATIVAS MEDIANTE CONVENIO:

2008	2009	2010	2011
Consignado: 346.543,00 €	Consignado: 344.000,00 €	Consignado: 370.600,00 €	Consignado: 405.200,00 €
Adxudicado: 346.543,00 €	Adxudicado: 344.000,00 €	Adxudicado: 370.600,00 €	Adxudicado: 405.200,00 €
Beneficiarios: 24	Beneficiarios: 28	Beneficiarios: 29	Beneficiarios: 31
Porcentaxe execu- ción: 100 %	Porcentaxe execu- ción: 100 %	Porcentaxe execu- ción: 100 %	Porcentaxe execu- ción: 100 %

Media do grao de execución: 100 %

-SUBVENCIONS PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION O DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACION SOCIAL

COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO.

2008	2009	2010	2011
Consignado: 60.500 €	Consignado: 70.500 €	Consignado: 70.500 €	Consignado: 70.500 €
Adxudicado. 56.587,61 €	Adxudicado. 56.587,61 €	Adxudicado: 70.500 €	Adxudicado: 70.498,68 €
Beneficiarios: 5	Beneficiarios: 8	Beneficiarios: 9	Beneficiarios: 7
Porcentaxe execu- cion: 93,53 %	Porcentaxe execu- cion: 80,27 %	Porcentaxe execu- cion: 100 %	Porcentaxe execu- cion: 99,99 %

Media do grao de execucion: 93,45 %

SENSIBILIZACION SOCIAL

2008	2009	2010	2011
Consignado: 19.500 €	Consignado: 19.500 €	Consignado: 19.500 €	Consignado: 19.500 €
Adxudicado. 19.500 €	Adxudicado. 19.500 €	Adxudicado: 17.993,48 €	Adxudicado: 19.499,74 €
Beneficiarios:3	Beneficiarios: 3	Beneficiarios: 3	Beneficiarios: 6
Porcentaxe execu- cion: 100 %	Porcentaxe execu- cion: 100 %	Porcentaxe execu- cion: 92,27%	Porcentaxe execu- cion: 99,99 %

Media do grao de execucion: 98,07 %

-SUBVENCIONS PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES. ENTIDADE COLABORADORA: Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA)

2008	2009	2010	2011
Consignado: 51.840,00 €	Consignado: 54.000 €	Consignado: 54.000 €	Consignado: 54.000 €
Adxudicado. 26.400,75 €	Adxudicado. 24.000 €	Adxudicado: 16.000 €	Adxudicado: 8.000 €
Beneficiarios: 7	Beneficiarios: 6	Beneficiarios: 5	Beneficiarios: 2
Porcentaxe de execucion: 51 %	Porcentaxe de execucion: 44 %	Porcentaxe de execucion: 30 %	Porcentaxe de execucion: 15 %

Media do grao de execucion: 35 %

-SUBVENCIONS PARA ALUGAMENTO DE VIVENDAS EN LUGO. ENTIDADE COLABORADO-RA: Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA)

2008	2009	2010	2011
Consignado: 95.000 €	Consignado: 95.000 €	Consignado: 135.000 €	Consignado: 141.000 €
Adxudicado: 66.723,11€	Adxudicado: 68.431,80 €	Adxudicado: 125.110,05 €	Adxudicado: 140.498,86 €
Beneficiarios: 63	Beneficiarios: 59	Beneficiarios: 94	Beneficiarios: 135
Porcentaxe de execución: 70 %	Porcentaxe de execución: 72 %	Porcentaxe de execución: 93 %	Porcentaxe execu- ción: 99,64%

Media do grao de execución: 84 %

-SUBVENCIONS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E AFECTADAS DE GRAVES DIFICULTADES DE MOBILIDADE PARA GASTOS DO TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO.

2008	2009	2010	2011
Consignado: 9.000 €	Consignado: 9.000 €	Consignado: 9.000 €	Consignado: 9.000 €
Adxudicado: 4.243,94 €	Adxudicado: 5.200 €	Adxudicado: 7.200 €	Adxudicado: 5.600 €
Beneficiarios:9	Beneficiarios: 9	Beneficiarios: 9	Beneficiarios: 7
Porcentaxe execu- ción: 47,15 %	Porcentaxe execu- ción: 57,78 %	Porcentaxe execu- ción: 80%	Porcentaxe execu- ción: 62,22 %

Media do grao de execución: 61,79 %

-PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO

2008	2009	2010	2011
Consignado: 12.000 €	Consignado: 12.000 €	Consignado: 12.000 €	Consignado: 12.000 €
Adxudicado: 10.218,56 €	Adxudicado: 9.823,20 €	Adxudicado: 9.127,27 €	Adxudicado: 7.466,52 €
Beneficiarios:5	Beneficiarios: 9	Beneficiarios: 6	Beneficiarios: 3
Porcentaxe execu- ción: 85,16 %	Porcentaxe execu- ción: 81,86 %	Porcentaxe execu- ción: 76,06%	Porcentaxe execu- ción: 62,22 %

Media do grao de execución: 76,33 %



O informe, remitido polo departamento de Servizos Sociais, engade os seguintes comentarios:

CONCLUSIÓNS:

“1-O gran esforzo subvencionador realizado polo Concello de Lugo, durante os últimos anos e que en boa medida, se canalizou a través de Servizos Sociais. Ao longo destes catro exercicios económicos o esforzo subvencionador supuxo que se duplicaran e, nalgúns casos concretos, incluso se triplicaran os orzamentos adicados a subvencionar proxectos sociais. Todo isto dentro dun contexto social e económico de fonda crise e como un medio de amortiguala. Como dato significativo hai que dicir que as subvencións en materia de servizos sociais previstas no Orzamento Xeral 2011 acadan un total de 689.600.€ e no ano 2010 foron 514.600 € o que supón un incremento do 34 %.

2-Dende a Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude tramítanse íntegramente as seguintes subvencións:

2.1)-En réxime de concorrencia competitiva

-Para asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral ou sectorial e para mantemento de equipamentos.Cumpriron claramente o obxectivo de fomentar o asociacionismo e asegurar a pervivencia de pequenas asociacións e entidades relacionadas coa acción social que complementan, e nalgúns casos suplen a actividade das administracións públicas.

-Para a realización de proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social. Estas subvencións son a expresión do principio de solidariedade entre os pobos, teñen como finalidade apoiar ós países empobrecidos polas situacións políticas, económicas, culturais, históricas comerciais..., para acadar o seu desenvolvemento de xeito sostible e contínuo e en harmonía co seu contorno ecolóxico e cultural. Constitúen unha canle a través da que se encauza, hacia os territorios menos desenvolvidos, a mellora das súas condicións de vida, a paliar os efectos negativos da relación norte/sul, así como a promover iniciativas que axuden a incrementar a sensibilidade, a solidariedade e a cooperación de toda a cidadanía Todo isto nun marco crecente de globalización da economía.

Diversos organismos nacionais e internacionais recoméndanlles ás administracións públicas que dediquen unha porcentaxe do seu presuposto con este fin. Deste xeito e en consonancia co establecido no artigo 28 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local o Concello de Lugo pode realizar e realiza actividades complementarias doutras administracións.

Concello de Lugo

-Para mellora da accesibilidade e habitabilidade de vivendas de persoas maiores dependentes.

O Excmo. Concello de Lugo aprobou no ano 2005 un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Lugo para a posta en marcha dun servizo de valoración e asesoramento para a reparación, adaptación ou instalación de axudas técnicas nas vivendas de persoas maiores de 65 anos que tiñan limitada a súa autonomía persoal e non dispoñían de recursos económicos suficientes.

Na execución deste convenio efectuáronse obras de adaptación, fundamentalmente de bañeiras, e tamén outras reparacións e reformas que permitiron ás persoas beneficiarias unha mellora da accesibilidade das súas vivendas e consecuentemente unha mellor calidade de vida.

Dende os Servizos Sociais considerase esencial previr a dependencia e mellorar as condicións de vida das persoas maiores especialmente as que se atopan en situación de maior soedade e precariedade de xeito que a través de pequenas adaptacións poidan residir en vivendas acondicionadas e dignas.

O concello de Lugo ten unha porcentaxe de poboación maior de 65 anos que acada o 19% (a media nacional se sitúa entorno ó 16,3%) Non obstante, a evolución da pirámide de idades da cidade fai prever que nos vindeiros anos se incorporen a este segmento da terceira idade un maior número de persoas que nos anos precedentes, polo que nun futuro pode aventurarse unha poboación maior de 75 anos superior as 10.000 persoas. Ó dato anterior de poboación hai que engadir os datos da estrutura económica familiar. O Concello de Lugo ten un nivel medio de renda dispoñible per cápita por debaixo de calquera das outras capitales de provincia da Comunidade Autónoma Galega.

RESUMO DAS CONCEDIDAS:

EXERCIZO 2008: 26.400,75 €

EXERCIZO 2009: 24.000 €

EXERCIZO 2010: 16.000 €

EXERCIZO ECONÓMICO 2011: Hai consignados 8.000 €

TOTAL:74.400,75 €

-Para persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado -bono taxi.

O día 6 de xuño de 2006 o Concello de Lugo asinou co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (IMSERSO) e coa Fundación ONCE para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade un convenio de colaboración para a realización dun proxecto de accesibilidade no transporte por autotaxi.



En virtude deste texto o Concello de Lugo asume o compromiso de apoiar ás persoas con discapacidade cunha axuda económica que lles facilite a utilización de vehículo de transporte adaptado coa finalidade de facilitarlles a accesibilidade ás persoas con discapacidade para a utilización dos dous taxis adaptados cos que conta, neste momento, o noso concello.

RESUME DAS CONCEDIDAS:

EXERCIZO ECONÓMICO 2009: 5.200 €

EXERCIZO ECONÓMICO 2010: 7.200 €

EXERCIZO ECONÓMICO 2011: 9.000 €

TOTAL AXUDAS BONO TAXI: 21.400 €

Faise constar que, á maior abundamento, o concello asina, dende o ano 2004, convenios de colaboración con distintas entidades relacionadas coa discapacidade física para a concesión de subvencións previstas nominativamente nos distintos orzamentos municipais. No exercicio económico 2011 concedéronse as seguintes:

-ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE LUGO para gastos destinados a superar as barreiras de comunicación e conquistar a plena igualdade de oportunidades para as persoas xordas de Lugo e fomentar a súa participación social.

-ALUXOR ASOCIACIÓN LUCENSE DE XORDOS para recibir solicitudes de intérprete que as persoas xordas, xordocegas e/ou os seus familiares presenten a través dalgún dos seguintes medios: marcando o nº: 010 se se chama do municipio de Lugo; o nº: 982-297. 350; se se chama de fóra do municipio de Lugo: o nº de FAX do Concello: 982-297.349; enviando un SMS ao nº. de móbil 639.10.70.10 do Servizo de Información 0,10 de uso exclusivo para recibir SMS; vía e-mail (010@concellodelugo.org); a través da páxina web do Concello (www.lugo.es). Porse en contacto con Alusor, cunha antelación mínima de 48,00 H vía e-mail (ilse.alusor@gmail.com) para que organice e xestione a cobertura de intérprete).

-CONFEDERACIÓN GALLEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE para o fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas do Concello de Lugo gravemente afectadas.

-JOSÉ MARÍA DÍAZ TORNEIRO para manter, na localidade de Lugo, un vehículo-taxi adaptado, colaborando no financiamento dos gastos excepcionais que precisa este tipo de vehículo (meirande prezo do seguro obrigatorio de viaxeiros; das pezas de recambio e dos servizos de reparación ; así como o maior consumo de combustible).

-ASPACE ASOCIACIÓN DE PAIS DE MENORES PARALÍTICOS CEREBRAIS DA PROVINCIA DE LUGO para manter en funcionamento o local social no que se desenvolven as actividades da entidade.

-ASOC. DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO SOBREVIVIDO (ADACE LUGO) para manter en funcionamento o local social no que se desenvolven as actividades da entidade.

-ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E CULTURAL DE DISMINUÍDOS FÍSICOS (AUXILIA) para a eliminación de barreiras arquitectónicas e o pulo do turismo accesible; loitar pola integración social das persoas con discapacidade, especialmente física; estudo da accesibilidade das rúas, locais e medios de transporte no concello de Lugo; actualización dos contidos da páxina web www.lugoaccesible.net).

-COGAMI-LUGO para a información e asesoramento especializado en materia de discapacidade: accesibilidade e axudas técnicas, transporte adaptado...etc.

-Para alugamento de vivendas en Lugo coa finalidade de contribuír a facilitar o acceso á vivenda a aquelas persoas que se atopen nunha situación socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio do dereito constitucional de acceso a unha vivenda digna porque contan cuns ingresos anuais comprendidos entre o 0,5 e o 2 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM). Este programa superou totalmente a nosas previsións e, neste momento de crise económica, a demanda é absolutamente desbordante.

2.2)-Sen concorrencia competitiva

Subvencións anuais que figuran nominativamente nos distintos orzamentos municipais e que se conceden por concesión directa ou a través de convenios con diferentes asociacións ou entidades, sen fins de lucro, que, dalgun xeito, complementan e/ou suplen actuacións dos servizos sociais municipais.

Dentro deste grupo de subvencións xa se mencionaron no parágrafo anterior as concedidas a entidades relacionadas coa discapacidade e é preciso facer unha mención especial aos proxectos dinamizadores da zona rural:

Partindo dunha realidade xeográfica e social carente de servizos, cunha poboación dispersa, en franco crecemento e con necesidades variadas e complexas, o Concello de Lugo, nun primeiro momento, recupera para usos sociais, as escolas rurais das parroquias de San Xoán do Campo, Sta M^a de Bóveda, San Pedro de Calde e Coeses, como edificios emblemáticos e ben ubicados dentro delas e, a través dun convenio coas súas asociacións ponas a disposición dos veciños e veciñas para que, dende o propio tecido social desenvolvan proxectos de dinamización por e para os propios axentes sociais.

-ASOCIACIÓN CULTURAL DE SAN PEDRO DE CALDE Proxecto “de dinamización dirixido as veciñas e veciños da zona de Calde e colidantes”.

-ASOC. MULLERES RURAIS E CONSUMIDORAS “A LANDRA” Proxecto “de dinamización sociocultural da parroquia da santa maría de Boveda e colidantes”.

-ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL E VECIÑAL O CASTRO DE COESES. Proxecto “de dinamización dirixido as veciñas e aos veciños da zona de Coeses e colidantes”.

-ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE S. XOÁN DO CAMPO Proxecto:“de dinamización e interacción social da parroquia da San Xoán do Xampo e colidantes

Estes proxectos asistenciais foron un xermolo ligado ao exercicio económico 2007; sen embargo, no ano 2011 estes proxectos celebran o seu cuarto ano de andadura e os resultados obtidos aventuras excelentes expectativas de futuro.

No ano 2010 comeza a súa andadura a escola de Saa, trala reforma correspondente e a cesión do seu uso os veciños e veciñas da zoa. A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTIAGO DE SAA “A RAÑA” é a encargada de desenvolver o proxecto “de dinamización sociocultural :“de dinamización dirixido as veciñas e veciños de Saa”.

Os obxectivos destes proxectos dinamizadores son

Xenérico:

Crear espazos integrados nos barrios e abertos á participación de toda a poboación das distintas zoas para acadar unha interacción social que permita satisfacer a demanda dos servizos que este tipo de poboación necesita, evitando incluso, en moitos casos, a institucionalización.

Concretos:

-Proporcionar un lugar dotado de equipamento axeitado para todas as persoas que queiran participar nalgunha actividade, pasar un bo rato entre amigos, coñecer xente e aprender novas cousas.

-Mitigar o illamento, a soidade e as perdas funcionais dos maiores e as súas dificultades de relación, favorecendo e posibilitando a permanencia no seu medio habitual de convivencia.

-Ofertar coidados; servizos e programas que promovan o seu desenvolvemento socio-cultural.

-Facilitar un espazo agradable e adaptado para que os usuarios se sintan como no seu fogar, promovendo e estimulando o seu poder de decisión, sobre todo no que a actividades a realizar se refire e con qué grupos relacionarse.

-Proporcionar persoal con preparación específica para desenvolver e cumprir os obxectivos fixados e as demandas cursadas.

-Proporcionar salas e instalacións orientadas á convivencia e desenvolvemento das diversas actividades socioculturais. Tratarase de promover nos usuarios un sentimento de independencia que lles influirá directamente no nivel de satisfacción.

A avaliación realizada ó longo deste cuatrienio pon de manifesto a boa acollida, os altos resultados de participación e de cumprimento de obxectivos que determinan que o xermolo se converta nunha resposta social continúa e estable que complementa á oferta pública de servizos. Hoxe podemos falar de

Concello de Lugo

continuidade; pero tamén de que a súa estabilidade e permanencia depende, exclusivamente, da dispoñibilidade orzamentaria e do esforzo subvencionador do concello de Lugo.

Subvencións ao programa de erradicación do chabolismo sufragando o importe do alugamento de vivendas para familias de etnia xitana realoxadas. Este programa leva desenvolvéndose dende o ano 2004. O obxectivo era a integración destas familias no entorno urbano e nunha vida normalizada. Pódese concluir que non se acadaron os obxectivos inicialmente previstos. Pero considérase necesario a permanencia do programa como medio de garantir un teito para os menores e de impedir o regreso ao chabolismo inicial xa que se conseguiu a plena escolarización dos menores e a normalización no acceso e uso de servizos e recursos xerais, a persares da situación de chabolismo inicial e da posterior concentración destas familias nun mesmo bloque de vivendas que dificultou a convivencia intercultural.

Todo isto dá unha idea da complexidade e diversidade das subvencións xestionadas íntegramente dende a Concellería de Benestar Social/Servizos Sociais.”

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Relación de subvencións concedidas por Participación cidadá durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

Exercicio 2008

	Convocado	Concedido	Xustificado	%
-Subvención competitivas	103.000,00€	88.500 €	79.467,29€	89,79%
-Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00€	6.000,€	6.000,00€	100%
-Cruz Vermella	7.000,00€	7.000,00€	7.000,00€	100%

Persoas beneficiarias..... 7.309

Nº de asociacións inscritas no RMA.....441

Exercicio 2009

	Convocado	Concedido	Xustificado	%
- Subvención competitivas	105.170€	88.950€	79.339,28€	89,19%
- Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00€	6.000,€	6.000,00€	100%
- Cruz Vermella	7.000,00€	7.000,00€	7.000,00€	100%

Persoas beneficiarias 11.301
 Nº de asociacións inscritas no RMA.....466.-

Exercicio 2010

	Convocado	Concedido	Xustificado	%
- Subvención competitivas	105.170€	71.940€	55.476€	77,11%
- Xunta de Confradías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00€	6.000,€	6.000,00€	100%
- Cruz Vermella	7.000,00€	7.000,00€	7.000,00€	100%

Persoas beneficiarias11.994
 Nº de asociacións inscritas no RMA.....509.-

Exercicio 2011

	Convocado	Concedido	Xustificado	%
- Subvención competitivas	105.170€	105.167,71€	101.947€	(pendiente intervención)
- Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00€	6.000,€	6.000,00€	100%
- Cruz Vermella	7.000,00€	7.000,00€	7.000,00€	100%

Persoas beneficiarias 12.194
 Nº de asociacións inscritas no RMA.....548



Concello de Lugo

En principio vemos que:

- No ano 2008 cumpriuse nun 89,79% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Participación cidadá.
- No ano 2009 cumpriuse nun 89.19% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Participación cidadá.
- No ano 2010 cumpriuse nun 77.111% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Partición cidadá.
- No ano 2011, cumpriuse o 96,93%, está pendende da fiscalización de Intervención.

O informe, remitido polo departamento de Participación Cidadá, engade os seguintes comentarios:

“Polo tanto, durante o período de vixencia do Plan estratéxico de subvencións conseguiuase o seu cumprimento nun 88.255% do capítulo de Participación cidadá, se atendemos ao total subvencionado respecto ás previsións recollidas no dito Plan.

A colaboración coas asociacións materialízase en:

-Un incremento nas solicitudes de alta no rexistro de Asociacións nunha porcentaxe de 19,34%.

-Aumento das relacións coas asociacións para un asesoramento permanente, tanto en canto ao funcionamento das asociacións, relacións coa administración local e contido das bases para conseguir unha presentación adecuada da solicitude e xustificación das subvencións.

-Depuración do Rexistro Municipal de Asociacións, procedendo á baixa de oficio de 108 asociacións sen actividade, de maneira que as asociacións que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións sexan as que teñen unha actividade real, o que nos permite polo tanto atendelas de maneira máis personalizada.

-Aceptación da solicitude de algunha asociación nominativa, concretamente a sociedade protectora de animais para poder realizarlle o pago da subvención trimestralmente o que facilita o funcionamento da asociación.

-Neste ano 2012 iniciouse unha nova participación coas asociacións permitíndolles presentar suxestións para as bases das subvencións, tanto en canto as actividades a realizar como en canto aos criterios de valoración, para poder adaptar estas bases á situación actual.

Estas medidas deron lugar a:



-Actualización do Rexistro Municipal de Asociacións real, figurando en el soamente aquelas asociacións que cumpren, en principio cos requisitos establecidos na normativa e teñen unha actividade.

-Estreita relación con todas as asociacións para que poidan participar en todas aquelas actividades municipais, en xeral e concretamente personalizado nas solicitudes e xustificacións das subvencións. Isto reflíctese no aumento de xustificación, pasando do 89,79% do ano 2008 ao 96,93% de xustificación do ano 2011.

Esta mellora supón que practicamente todos os beneficiarios cumpriron cos obxectivos propostos. Polo tanto, con respecto á eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos temos que sinalar que se seguiu a liña marcada polos obxectivos no Plan estratéxico de subvencións conseguíndose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados.

Os obxectivos dos próximos anos son:

-Continuar coa promoción do asociacionismo, o fomento da democracia participativa e a formación de directivos e socios, co fin de fomentar a participación cidadá a través das asociacións (federacións, agrupacións...).

-Fomentar a participación das asociacións, para que con axuda das súas propostas, poidamos adaptar as bases das asociacións aos intereses das asociacións e aos interexes xerais e, en definitiva, aos tempos actuais.”

PROMOCIÓN DE EMPREGO E INDUSTRIA

Relación de subvencións plantexadas pola Área de Promoción do Emprego e Industria durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
CONVENIO LUGO CENTRUM	15.000,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00
CONVENIO AJE LUGO	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
APREVAR	4.500,00			
AXUDAS A EMPRESAS	12.000,00			
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS		30.000,00		
PLAN URBAN		200.000,00	335.000,00	350.000,00
TOTAIS	32.500,00	246.000,00	351.000,00	366.000,00

Relación de subvencións concedidas durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
CONVENIO LUGO CENTRUM	15.000,00	15.000,00	15.000,00	15.000,00
CONVENIO AJE LUGO	1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
APREVAR	4.500,00			
AXUDAS A EMPRESAS				
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS				
PLAN URBAN		55.268,68	52.467,15	151.510,18
TOTAIS	20.500,00	71.268,68	68.467,15	167.510,18

En principio vemos que:

-No ano 2008 cumpriuse nun 63.07% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Desenvolvemento local.

-No ano 2009 cumpriuse nun 28.97 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Desenvolvemento local.

-No ano 2010 cumpriuse nun 19.50 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Desenvolvemento local.

No ano 2011 cumpriuse nun 45.76 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de Desenvolvemento local.

Polo tanto, durante o período de vixencia do segundo Plan estratéxico de subvencións conseguiuase o seu cumprimento nun 39.32%, no capítulo de Desenvolvemento local, se atendemos ao total subvencionado respecto as previsións recollidas no dito Plan. A este respecto podemos sinalar que os convenios previstos con Lugo Centrum e Aje Lugo foron asinados nos exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011 cumprindo nesta parte co 100% do previsto no Plan estratéxico de subvencións en canto o PLAN URBAN, sinalar o seguinte:

RESUMEN PLAN ESTRATÉXICO 2008 – 2011 DO PLAN URBAN

Relación de subvencións concedidas durante os exercicios económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
- Convocatoria de axudas a empresas de zona URBAN para a instalación de terrazas, rótulos e mellora de fachadas (Proxecto 09UR4201 Axudas a locais de negocio)	0	55.268,68	17.653,45	121.422,74
- Convocatoria de axudas a empresas da zona URBAN para o apoio a novas actividades económicas na zona URBAN (Proxecto 10UR4101 Novas actividades económicas)	0	0	34.813,70€	30.137,44

TOTAL XUSTIFICADO	0	55.268,68 €	52.467,15	151.560,18
-------------------	---	-------------	-----------	------------

RESUMEN PLAN ESTRATÉXICO 2008 – 2011

DOTACIÓN CUATRIENAL POR ANUALIDADES	2008	2009	2010	2011
DOTACIÓN ANUAL SUBVENCIONES CONCURRENCIA COMPETITIVA (1)	0	200.000	335.000 (2)	350.000

(1) Estes importes non son acumulativos, xa que é unha actuación plurianual. A previsión de cada ano faise tendo en conta o importe xustificado ata ese ano do montante total plurianual destinado a esta actuación.

(2) Inicialmente na proposta de modificación do plan estratéxico dese ano estableceuse un máximo de 350.000 €. As axudas convocáronse por 335.000 € destinando o resto a outra actuación URBAN no ámbito da reurbanización da praza de San Marcos.

EXECUCION CUATRIENAL 2008-2011(52% do importe ata 2015)259.296,01 €
Do informe remitido pola Oficina Xestora de Urban extraéanse as seguintes observacións:

“Grao de Cumprimento do Plan

Estas actuacións forman parte dun conxunto de accións dentro do Plan URBAN para o apoio da actividade económica do centro histórico. O importe total orientativo para estas e outras accións de apoio ás empresas é de 500.000 € ata finais de 2015, aínda que pode variar segundo se executen outras actuacións previstas coa mesma finalidade realizadas a través de contratos. Anualmente dótase o suficiente importe (mentres haxa fondos aínda dispoñibles) para asegurar que non se deixa sen atender ningunha solicitude. A finais de 2011 está executado aproximadamente o 52% da previsión de axudas a empresas ata finais de 2015.

Eficacia e Eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos

O obxectivo desta actuación é a mellora dos rótulos e as fachadas dos negocios e a adaptación de todas as terrazas de hostalaría. Como exemplo dos obxectivos logrados nestes tres primeiros anos, sinálase que se concederon 72 axudas para rótulos e toldos (pagáronse 52) e 29 para adaptación de fachadas (pagáronse 19) e o 77% das terrazas autorizadas en 2011 adaptaron o seu mobiliario. Hai axudas concedidas que se executaron pero, por diversos motivos, os beneficiarios non as xustifican para o pagamento.

Conclusiones

Lévase un bo ritmo de cumprimento dos obxectivos especialmente no que se refire a terrazas. No caso dos rótulos son moi numerosas as actuacións de adaptación

que non recibiron subvención que contribúen á consecución do obxectivo de adaptación da rotulación en fachadas.

Suxestión e propostas para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións

Tal como está previsto no acordo asinado co Ministerio de Facenda para a execución de URBAN, seguiranse impulsando estas actuacións nos próximos anos.”

Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

A colaboración entre os poderes públicos e a iniciativa privada materialízase a través de múltiples canles entre as que se atopan a concesión de subvencións e a sinatura de convenios de cooperación, tal e como no noso Plan estratéxico de subvencións se ten establecido. Polo tanto, con respecto á eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos temos que sinalar que se seguiu a liña marcada polos obxectivos no Plan estratéxico de subvencións conseguíndose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados, sobre todo na colaboración co Centro comercial aberto de Lugo, “Lugo Centrum”, co obxectivo da revitalización do comercio da cidade e respecto as actuacións recollidas nos convenios de colaboración con AJE LUGO e APREVAR. Con respecto ás axudas ás empresas sinalar que estaban dirixidas unicamente a ILES e non tiñan cabida outras iniciativas, de forma máis xenérica non se chegaron a convocar durante o período de vixencia deste Plan estratéxico de subvencións, tendo en conta que había outras liñas de axuda abertas como as axudas autonómicas e outras dependentes da Deputación Provincial de Lugo, e coa intención de non duplicar axudas. En canto o que se refire o PLAN URBAN estánse a acadar os obxectivos planteados

Polo tanto, podemos concluír sinalando que as subvencións concedidas polo concello para este fin ao longo dos catro anos de vixencia deste Plan reflicte:

-Nunha liña de colaboración aberta coa asociación de Comerciantes Empresarios profesionais e Autónomos do Centro Comercial Aberto de Lugo que ten como obxectivo a revitalización do comercio da cidade, e que o leva a efecto na práctica por medio de diversas actuacións.

Unha liña de colaboración con AJE LUGO

A execución do PLAN URBAN

Finalmente como suxestión para o próximo Plan estratéxico de subvencións cabe manter a aposta por continuar profundizando na liña de colaboración iniciada coa asociación de comerciantes Lugo Centrum e AJE LUGO, e a execución final das actuacións previstan no PLAN URBAN .

ZONA RURAL



Relacion de subvencións concedidas por Zona rural os exercicios económicos 2008,2009,2010 e 2011

Estaban plantexadas para cada anualidade as seguintes cantidades:

2008: 88.000€

2009: 36.000€

2010: 69.000€

2011. 47.260€

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido polo departamento de Zona Rural, engade os seguintes comentarios:

“En principio vemos que:

-No ano 2008 xustificouse 57.999,99 € o que supón un 65.90% do cumprimento do plan

-No ano 2009 xustificouse 36.000,00 € o que supón un 100% do cumprimento do plan

-No ano 2010 xustificouse 69.000,00 € o que supón un 100% do cumprimento do plan

No ano 2011 xustificouse 17.825,82 € estando tramitándose todas elas por estar xuxeitas a licenza urbanística. Supondría en todo caso un 37,71% no grado de cumprimento

Finalmente como suxestión para o próximo Plan estratéxico de subvencións nos orzamentos de 2012 non se inclúen ningunha subvención”

URBANISMO REHABILITACIÓN

AXUDAS PARTICULARES ITE

	2010	2011
Axudas concedidas	15.177,59	9.893,21
Nº beneficiarios	77	55

Recollido no Plan estratéxico de subvencións temos:

2010: 30.000,00€

2011: 60.000,00€

En principio vemos que:

- No ano 2010 cumpriuse nun 50.59% o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de axudas a particulares ITE.

- No ano 2011 cumpriuse nun 16,49 % o Plan estratéxico de subvencións no capítulo de rehabilitación no Casco Histórico de Lugo.

REHABILITACIÓN-URBANIZACIÓN

**Concello de Lugo**

No Concello de Lugo contamos con dúas áreas de rehabilitación:

O Casco Histórico de Lugo e a súa área de influencia.

O Barrio do Sagrado Corazón.

a relación de subvencións concedidas a particulares no Casco Histórico de Lugo durante os exercizos económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

	2008	2009	2010	2011
Axudas concedidas	267.518,25 €	179.310,99 €	362.513,81 €	420.439,24 €
Nº Beneficiarios	32	26	58	47

Segundo o recollido no Plan Estratéxico de Subvencións temos:

2008: 375.185,00 €

2009: 550.000,00 €

2010: 422.778,94 €

2011: 1.058.000,00 € (Nesta cantidade existe o seguinte erro, deberían ser realmente 275.000 € (10ª Fase), 247.673,65 (11ª Fase) e 0,00 € correspondentes á fase 12ª segundo convenio do 29 de Abril de 2011 → total para 2011= 522.673,65 €)

En referencia á anualidade 2011 detéctase un erro, o importe a ter en conta na actualización do Plan Estratéxico debería ser 522.673,65.- euros, segundo o seguinte desglose:

10ª fase: 275.000.-euros.

11ª fase: Segundo certificación de data 03/12/2010 emitida polo Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, Manuel Louzao Aldariz, para dar cumprimento á cláusula 5ª do Acordo da Comisión Bilateral do 22/02/10- Obxectivos 2009, certifícase que o importe correspondente as subvencións a particulares ascenden a cantidade de 247.673,65.-euros.

12ª fase: Segundo Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29 de abril de 2011 relativa á Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Lugo, 12ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia- Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 –Obxectivos 2010, no seu punto segundo para anualidade 2011 non se establece ningunha inversión para rehabilitación.

Tendo en conta as cifras anteriores, vemos que:

- No ano 2008, cumpriuse o 71,30% o Plan Estratéxico de Subvencións no Capítulo de Rehabilitación no Casco Histórico de Lugo.



- No ano 2009, cumpriuse o 32,60% o Plan Estratéxico de Subvencións no Capítulo de Rehabilitación no Casco Histórico de Lugo.

- No ano 2010, cumpriuse o 85,75% o Plan Estratéxico de Subvencións no Capítulo de Rehabilitación no Casco Histórico de Lugo.

- No ano 2011, cumpriuse o 80,44% o Plan Estratéxico de Subvencións no Capítulo de Rehabilitación no Casco Histórico de Lugo.

a relación de subvencións concedidas a particulares no Barrio do Sagrado Corazón de Lugo durante os exercizos económicos 2008, 2009, 2010 e 2011.

Segundo o recollido no Plan Estratéxico de Subvencións temos, como cifra total nas catro anualidades:

2008-2011: 2.328.000,00 €

- Nas anualidades correspondentes ao período 2008-2011, cumpriuse o 100,00% o Plan Estratéxico de Subvencións no Capítulo de Rehabilitación no Barrio do Sagrado Corazón de Lugo, afectando as citadas axudas a un total de 313 beneficiarios no barrio.

O informe de data 12 de marzo de 2012, remitido por EVISLUSA, engade os seguintes comentarios:

“Polo tanto podemos sinalar ao respecto que:

O grado de cumprimento deste Plan no capítulo XIII referente a Subvencións en Materia de Urbanismo e Rehabilitación, e cando menos bo no referente ao apartado de rehabilitación, xa que outorgáronse e xustificáronse subvencións de xeito conxunto afectando ás dúas áreas de rehabilitación declaradas, chegándose a unha porcentaxe global do 73,93% respecto aos totais previstos recollidos no Plan, o que supón que unha meirande parte dos beneficiarios poideron acollerse as axudas segundo os obxectivos propostos no Plan. O citado programa supuso un beneficio conxunto para as catro anualidades para un total de 476 propietarios.

Se temos en conta que o obxectivo deste capítulo e favorecer a rehabilitación de inmobles nos ámbitos declarados Área de Rehabilitación Integral, (as cales foron a área delimitada do Casco Histórico de Lugo e a súa zona de Influencia, e a área de Rehabilitación do Barrio do Sagrado Corazón de Lugo) axudando aos propietarios a costear parte das rehabilitacións dos seus edificios e vivendas na procura de manter o patrimonio edificado en boas condicións de habitabilidade e estabilidade. Para a consecución deses obxectivos realizáronse as pertinentes aprobacións das

bases reguladoras de subvencións e a súa convocatoria, tal e como o noso Plan Estratéxico de Subvencións ten establecido. Polo tanto, no que respecta á eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos, temos que sinalar que na meirande parte se cumpriron os obxectivos previstos e se seguiu a liña marcada polo obxectivos no Plan Estratéxico de Subvencións, acadándose un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados.

Polo tanto pódese concluír sinalando que nas materias de rehabilitación e urbanización en canto ás subvencións acadadas aos propietarios dos inmobles das áreas de rehabilitación integral declaradas, para o período consignado e durante o período de vixencia deste Plan, reflicte:

O importante apoio dos diferentes programas municipais á rehabilitación de vivendas e inmobles na cidade.

- O importante apoio a propietarios e colectivos con dificultades económicas na cidade para poder facer fronte a parte das custosas rehabilitacións dos seus inmobles e vivendas para conseguir melloras e actualizacións importantes na habitabilidade das mesmas.

Finalmente como suxestión para o próximo Plan Extratéxico de Subvencións é interesante renovar a aposta polo apoio a mellora do patrimonio construído, profundizando na liña de subvencións de xeito que sexan máis atractivas aos propietarios dos inmobles para seguir a favorecer as actuacións rehabilitadoras na cidade nun contexto de crise económica que compre axudar a remontar.”

Conclusións da Memoria do II Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo (2008-2011):

Á vista dos datos achegados dende os servizos e departamentos citados e da relación de operacións por partida dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011 facilitados polo servizo de intervención, e expostos nas anteriores alineas compre sinalar o seguinte respecto a:

- O Grao de cumprimento do Plan estratéxico de subvencións:

Relación porcentual entre as subvencións efectivamente concedidas e as previstas no Plan estratéxico de subvencións:

Deportes: 99%
Cultura: 68.56%
Turismo: 100%
Educación: 100%
Xuventude: 92.66%
Muller: 85.47%
Servizos sociais: 80,27%

Participación cidadá: 88.25%
Desenvolvemento Local: 39.32%
Zona rural: 75,90 %
Urbanismo rehabilitación: 50.53%

Vemos a alta porcentaxe de cumprimento en case todas as áreas,

Polo tanto podemos sinalar que o II Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo acadou un grao cumprimento global do 79.99%. Sin ter en conta o Plan Urban que é un Plan plurianual, a porcentaxe elévase o 85.51% e como no primeiro Plan superase o 80% de cumprimento, polo que alcánzase un alto grao de excelencia na xustificación do II Plan Estratéxico de Subvencións.

-Eficacia do outorgamento de subvencións na consecución de obxectivos e con respecto aos efectos pretendidos.

Para a valoración da eficiencia e eficacia do outorgamento desta subvencións temos que ter en conta os obxectivos marcados no Plan estratéxico de subvencións e as valoracións dos distintos servizos do Concello a través dos que se outorgan subvencións constándose así un importante cumprimento dos obxectivos marcados e un importante nivel de satisfacción nos efectos acadados, así como compre sinalar a alta porcentaxe de xustificacións das subvencións concedidas.

Polo tanto, valórase moi positivamente o II Plan Estratéxico de Subvencións pola súa eficacia e eficiencia no outorgamento de subvencións polo Concello de Lugo durante o período 2008-2011.

-Principais conclusións e proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións.

As conclusións diríxense sobre todo a:

- Valorar a importante cantidade adicada a subvencións e ao seu progresivo incremento período a período.
- Recoller a aposta que se fai en cada área para apoiar aos distintos axentes que interveñen nesa área e ás actividades que desenvolven.

As principais achegas que se recollen cara o III Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Lugo (2011-2015) son:

- Abondar na liña marcada polos obxectivos de cada área e afondar no seu desenvolvemento e consecución.
- Intentar axilizar o trámite administrativo de concesión de subvención para evitar a excesiva burocratización.”

Lugo, 3 de abril de 2012

A XEFA DE SECCIÓN DE FOMENTO

A CONCELLEIRA DELEGADA DE
ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO,
AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

Asdo.: Cruz Gutiérrez Garrido

Asdo.: Sonia Méndez García